



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE DEZASEIS DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 11)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D. Argelio Fernández Queipo

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de marzo de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Manuel Martínez Núñez, D. Álvaro Santos Ramos e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de marzo de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DE ENTIDADES DA FASE II DO BEN EMPREGADO I.

Resultando que con data 19 de decembro de 2014 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 22 de decembro co nº 292.

Resultando que con data 21 de febreiro de 2015 foron publicados no BOP de Lugo o listado das entidades beneficiarias así como a cantidade asignada a cada unha delas, entre as que se atopaba a entidade co código 47A/2014.- Autónomos de Galicia-AUGA.

Tendo en conta que con data 24 de xuño de 2015 publícase no Boletín da Provincia de Lugo (BOP) a asignación da subvención á entidade co código 230/2014.- Lucus Light SL, seguindo a listaxe de entidades reserva atendendo ás empresas beneficiarias do Ben Empregado I que durante este período renunciaron á subvención.



Unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 15 do Programa Ben Empregado Fase I, a efectos de xustificación de cara a percibir o primeiro e segundo anticipo da subvención correspondente ao 50% e 45%, respectivamente, da cantidade concedida, esta Deputación Provincial emite Resolución da Presidencia relativa ao pago dos anticipos, facéndose este efectivo segundo o seguinte cadro:

Entidade	1º Anticipo 50%		2º Anticipo 45%	
	Data da resolución	Data do pago	Data da resolución	Data do pago
Autónomos de Galicia-AUGA	12/08/2015	21/08/2015	29/01/2016	08/02/2016
		49.261,22€		44.335,09€
Lucus Light SL	28/01/2016	08/02/2016	14/07/2016	29/07/2016
		10.000,00€		9.000,00€

Tendo en conta que finalizado o prazo para entregala documentación necesaria para conta xustificativa da subvención concedida, segundo se recolle na base 15 do Programa Ben Empregado I Fase I, ningunha das entidades mencionadas presenta documentación.

Logo de ver que con data 21 de decembro de 2017 remítese notificación postal ás entidades mencionadas requiríndolle a documentación que debía presentar. O servizo postal tenta facela entrega a Autónomos de Galicia- AUGA nas datas 17 e 18 de xaneiro de 2018, ás 11:37 horas e ás 17:34 horas respectivamente, sen que se puidera facer efectiva a entrega. Así mesmo, o servizo postal tenta facela entrega a Lucus Light SL nas datas 17 e 18 de xaneiro de 2018, ás 12:15 horas e ás 16:32 horas, sen que se puidera facer efectiva a entrega.

Considerando que tentada a notificación conforme ó establecido o artigo 59 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, publícase (artigos 59 e 61 da Lei 30/1992) con data 16 de febreiro de 2018 no Tablón Edictal Único o requirimento da documentación xustificativa da subvención concedida, emprazándoo a presentala mesma nun prazo de 10 días contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no edificio desta Deputación Provincial.

Transcorrido dito prazo sen efectuarse a comparecencia, ou sen emendar a documentación, a notificación entenderase producida dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado para

comparecer, producíndose a extinción do dereito ó gozo da subvención e á iniciación do procedemento de reintegro.

Considerando que a día de hoxe ningunha das entidades mencionadas compareceu ou emendou a documentación, provocando a extinción do dereito ó gozo da subvención e á iniciación do procedemento de reintegro das cantidades anticipadas, que se corresponden co seguinte cadro:

CÓDIGO	ENTIDADE	SUBVENCIÓN	ANTICIPO 50%	ANTICIPO 45%	TOTAL
47A/2014	Autónomos de Galicia-AUGA	98.522,43€	49.261,22€	44.335,09€	93.596,31€
230/2014	Lucus Light, SL	20.000,00€	10.000,00€	9.000,00€	19.000,00€

A ditas cantidades teranse que engadir os xuros de demora.

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar, tendo en conta os importes dos anticipos das subvencións concedidas de 93.596,31€ e 19.000,00€ á entidades 47A/2014 Autónomos de Galicia-AUGA e 230/2014 Lucus Light, SL respectivamente, a extinción do dereito ó gozo da subvención e á iniciación do procedemento de reintegro das cantidades anticipadas concedidas ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos Sectores estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado II.

2º.- Comunicar ós beneficiarios as contías que adebedan en concepto de principal, cantidade que se terá en conta para o cálculo dos xuros de demora.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO DE REINTEGRO DE ENTIDADES DA FASE II DO BEN EMPREGADO II.



Resultando que con data 27 de marzo de 2015 pola Xunta de Goberno foron aprobadas as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo - Ben Empregado II Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 31 de marzo co nº 73.

Resultando que con data 24 de xuño do 2015 foron publicadas no BOP Nº 143 a listaxe das entidades beneficiarias ca cantidade asignada a cada unha delas, 1257/2015 e razón social Actiboot S.L.

Tendo en conta que con data 21 de abril de 2016, unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 15 do Programa Ben Empregado II Fase I, para os efectos de xustificación, emítase Resolución da Presidencia relativa ó pago do primeiro anticipo, facéndose este efectivo o día 5 de maio de 2016.

Finalizado o prazo para entregala documentación necesaria para conta xustificativa da subvención concedida, á entidade Actiboot SL non presenta a documentación necesaria para conta xustificativa segundo se recolle na base 15 do programa Ben Empregado II Fase I.

Logo de ver que con data 21 de decembro de 2017 remítese notificación postal ás entidades mencionadas. O servizo postal tenta facela entrega a Actiboot SL nas datas 19 e 23 de xaneiro de 2018 sen que se puidera facer efectiva a entrega.

Tendo en conta que tentada a notificación conforme ó establecido no artigo 59 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, publícase (artigos 59 e 61 da Lei 30/1992) con data 16 de febreiro de 2018 no Tablón Edictal Único o requirimento da documentación xustificativa da subvención concedida, emprazándoo a presentala mesma nun prazo de 10 días contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no edificio desta Deputación Provincial.

Transcorrido dito prazo sen efectuarse a comparecencia ou emendar a documentación, a notificación entenderase producida dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado para

comparecer, producíndose a extinción do dereito ó gozo da subvención e á iniciación do procedemento de reintegro.

Considerando que a día de hoxe a entidade mencionada non compareceu ou emendou a documentación, provocando a extinción do dereito ó gozo da subvención e a iniciación do procedemento de reintegro das cantidades anticipadas, que se corresponden co seguinte cadro:

CÓDIGO	ENTIDADE	SUBVENCIÓN	ANTICIPO 50%	ANTICIPO 45%	TOTAL
1257/2015	Actiboot S.L.	18.000,00€	9.000,00€	-	9.000,00€

A dita cantidade terase que engadir os xuros de demora.

Por todo elo, tendo en conta os informes da Unidade de Emprego e de Intervención, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar, tendo en conta o importe do anticipo da subvención concedida de 9.000,00€ á entidade 1257/2015 Actiboot, S.L., a extinción do dereito ó gozo da subvención e á iniciación do procedemento de reintegro das cantidades anticipadas concedidas ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos Sectores estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado II.

2º.- Comunicar ao beneficiario a contía que adébeda en concepto de principal, cantidade que se terá en conta para o cálculo dos xuros de demora.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ANEXO II, LISTAXE DE ADXUDICACIÓN DE TRABALLADOR ÁS EMPRESAS BENEFICIARIAS DO BEN EMPREGADO III, QUE FORMAN PARTE DA BOLSA DE EMPREGO DO DÍA 26/02/2018.

Resultando que con data 16 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno aprobou as bases para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, Programa do Fomento de



Emprego da Provincia de Lugo- Ben Empregado III. Fase I. O extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) nº 229 do 4 de outubro de 2016.

Resultando que con data 29 de decembro de 2016 foron aprobadas pola Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016.

Con data 26 de febreiro do 2018, publicase na páxina web unha quenda de entidades denominada “Bolsa de Emprego 26/02/2018”. Dende ese momento abriuse o prazo de solicitude de 5 días hábiles para solicitar a participación no proceso selectivo de ditos postos. Sendo as seguintes entidades do Ben Empregado III.

EXPEDIENTE	RAZÓN SOCIAL
BE3/A-16-22	Mª LUZ ÁLVAREZ DÍAZ
BE3/A-16-160	DAMIL C.B
BE3/A-16-353(2)	JORGE LOPEZ BARREIRA
BE3/A-16-354	RAQUEL VAZQUEZ PICOS
BE3/B-16-113	ISABEL JUSTO DOS SANTOS

Tendo en conta que os postos das entidades A-16-22, A -16-353(2),A -16-354 e B-16-113 veñen desertos da bolsa do 29 de xaneiro de 2018 informada en Xunta de Goberno do día 23 de febreiro de 2018.

O traballador D. Noel Fernández Vila, renuncia o posto outorgado no entidade BE3/A-16-160 o día 19/02/2018, por non haber mais candidatos no listaxe de reserva o perfil queda deserto polo que o posto sae na bolsa do día 26/02/2018.

Tendo en conta que aos postos das entidades beneficiarias BE3/A-16-22, BE3/A-16-353(2), BE3/A-16-354, BE3/B-16-113 non se inscribiu ningún candidato, polo que xa non se procede a súa citación, volvendo polo tanto quedar o perfil deserto.

Considerando que realizada a entrevista, con data 12 de marzo do 2018 publicarase na web os resultados da mesma, de acordo ao establecido pola comisión de valoración reunida o día 12 de marzo do 2018, para que os candidatos poidan saber as súas puntuacións.

Considerando que posteriormente á publicación desta listaxe de puntuacións, publicarase o Anexo II da Liña A, converténdose no listado definitivo, onde se asignara a cada posto de traballo un traballador desempleado solicitante, sendo este o que acadou mellor puntuación.

Tendo en conta que o expediente relativo a Fase II cumpre coas Bases anteriormente citadas, e a documentación dos solicitantes desempregados está completa e arquivada en cada un dos expedientes dos candidatos.

Por todo elo, tendo en conta o informe da Unidade de Emprego, así como a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Proceder a aprobar o Anexo II Liña A, da resolución da “Bolsa de Emprego de 26/02/2018” da Fase II do Ben Empregado III.

5.- PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN PARA IMPULSAR A APERTURA DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES PROMOVIDOS E/OU FINANCIADOS POR ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 9 de marzo de 2018, acordou tramitar con carácter inmediato un protocolo xeral de impulso e actuación cos Concellos que se adhiran ao sistema de cooperación intermunicipal da rede de residencias públicas promovidas e/ou financiadas por esta Excma. Deputación Provincial.

Logo de ver que o texto do Protocolo Xeral de actuación a celebrar entre esta Entidade e os Concellos da Provincia con centros de atención a persoas maiores promovidos ou financiados pola Deputación Provincial, rematados ou próximos a finalizar, e condicións de ser abertas aos usuarios, en breve espazo de tempo. Sendo trasladado o borrador do Protocolo por correo



electrónico ás Alcaldías e/ou aos técnicos sinalados polas respectivas Alcaldías: Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita, Ribas do Sil, Castroverde, Ribadeo.

O documento analizado detalla os fins comúns perseguidos, con fundamento na lexislación de réxime local, sobre réxime xurídico do sector público e de servizos sociais. Sublíñanse as competencias municipais en servizos sociais comunitarios específicas por parte dos Concellos, as competencias desta Deputación Provincial en cooperación aos municipios do seu territorio e o reforzamento das relacións interadministrativas en materia, a través do deber de colaboración e das técnicas de cooperación.

Esta Excma. Deputación Provincial e Concellos que participan neste Protocolo xeral, manifestan expresamente a firme convicción de prestar os servizos públicos de atención directa a través de programas pertencentes aos servizos sociais comunitarios específicos nos centros de atención a persoas maiores, tanto residenciais como non residenciais, financiados ou promovidos dende estas entidades locais, actuando como servizos de proximidade, no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e á calidade de vida; e, como efecto derivado a dinamización, socialmente sostible da actividade económica local.

Resultando que pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 9 de marzo de 2018 declara a perda da condición de medio propio de Suplusa para a prestación de servizos sociais, se ben se permite a continuidade das encomendas que non resulten afectadas, como a construción de residencias e centros de día que se atopan actualmente en construción.

Por todo elo, tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento, coa conformidade da Secretaría Xeral, e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Protocolo Xeral de actuación a celebrar entre esta Excma. Deputación Provincial e os Concellos da Provincia, con centros de atención a persoas maiores promovidos ou financiados pola Deputación Provincial, rematados ou próximos a finalizar, e condicións de ser abertas aos usuarios, en breve espazo de tempo.

2º.- Remitir o texto deste Protocolo e convocar para a súa sinatura ás Alcaldesas e Alcaldes dos Concellos de: Castroverde, Ribadeo, A Fonsagrada, Pol, Pedrafita, Trabada, Ribas do Sil.

3º.- Determinar que a este Protocolo se poderán adherir, no futuro, outros Concellos con residencias promovidas ou financiadas pola Deputación, en fase de execución ou preparación.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTUALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS (PLAN PLURIANUAL 2017-2019), PARA O ANO 2018.

Resultando que pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 23 de xuño de 2017 foi aprobado o Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 que consta publicado na páxina web da Deputación Provincial no apartado de subvencións e no seu portal de transparencia.

Resultando que con data 19 de xaneiro de 2018 publicouse no BOP de Lugo núm. 015 a aprobación definitiva do orzamento desta Excm. Deputación Provincial para o ano 2018, cos seus respectivos importes.

O propio Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, en concordancia co establecido no Regulamento Xeral de Subvencións, esixe que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminarse liñas de subvencións; e, sobre todo precisar as contías do mesmo, en función da dispoñibilidade orzamentaria. Poderá modificarse ou actualizarse calquera aspecto do seu contido, ben sexa motivado polos resultados obtidos dos informes de seguimento sobre a consecución dos obxectivos establecidos ou pola adecuación dos recursos investidos, ou ben por outros motivos debidamente xustificadas. Procurando, na medida do posible, que tal actualización poida ser aprobada, e en consecuencia que poida entrar en vigor xunto co orzamento de cada anualidade.



Resultando que esta Presidencia ordenou a tramitación da actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o ano 2018, a través da información facilitada polos distintos centros xestores da Deputación.

Tendo en conta que, de conformidade coa normativa vixente, e salvo casos xustificadas de excepción, as previsións do Plan Estratéxico 2017-2019 concíbense para un período de tres anos, vanse actualizando en cada anualidade durante a súa vixencia.

Tendo en conta a lexislación de Transparencia e Bo Goberno, o Plan Estratéxico de índole plurianual e os seus anexos actualizados anualmente publicaranse na páxina web da entidade, no portal de transparencia e darase publicidade do seu grado de cumprimento e os resultados obtidos.

Vista a Disposición Adicional Segunda da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial, publicada no BOP do 13 de xullo de 2006, en canto establece que será competente para aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións previsto no artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, a Xunta de Goberno, sen prexuízo das delegacións que se confiran, e por analogía tamén será competente para aprobar as actualizacións anuais do mesmo durante a súa vixencia, como así prevé o propio plan estratéxico.

Por todo elo, vistos os informes emitidos polo Servizo de Contratación e Fomento, pola Secretaría Xeral e Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 desta Deputación Provincial para o ano 2018 (Anexo I sobre Liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2018).

2º.- Dispoñer a súa publicación no páxina web, portal de transparencia.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta para aprobar o Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o Concello de Navia de Suarna, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no desenvolvemento económico, cultural e turístico coa rodaxe da película “Aquilo que arde” do Director Oliver Laxe.*

Logo de ver que con data 14 de decembro de 2017 tivo entrada no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, solicitude presentada polo Alcalde do Concello de Navia de Suarna para implementar unha relación interadministrativa de cooperación, concorrendo títulos competenciais e un obxectivo común: a cooperación no desenvolvemento económico, cultural e turístico coa rodaxe da película “Aquilo que Arde” do director Oliver Laxe. A devandita cooperación concretaríase na asunción de parte dos gastos de aloxamento, manutención e transporte do equipo de rodaxe durante a súa estancia en Navia de Suarna e a súa contorna, por parte deste Concello. Con dita solicitude achéganse memoria explicativa da actuación que se pretende levar a cabo.

Logo de ver o expediente administrativo relativo a dito Convenio que ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Navia de Suarna e esta Entidade Provincial, en exercicio dunha competencia compartida, para a execución dos fins comúns anteriormente mentados, non constituíndo unha prestación propia dos contratos, guiado por razóns de interese público e conformando unha canle para a satisfacción con eficacia do fin común, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións para o que se comprometen a realizar as seguintes aportacións:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO NAVIA DE SUARNA
Cooperación no desenvolvemento económico, cultural e turístico coa rodaxe da película “Aquilo que Arde” do director Oliver Laxe; concretamente, cubrindo parte dos gastos de aloxamento, manutención e transporte do equipo de rodaxe durante a súa estancia en Navia de Suarna e os Concellos da súa contorna	21.640,80€	2.170,20€

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida e



asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente, asumidos no Convenio.

Tendo en conta os informes dos Servizos desta Entidade Provincial, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de Navia de Suarna, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no desenvolvemento económico, cultural e turístico coa rodaxe da película “Aquilo que Arde” do director Oliver Laxe, cun orzamento total de 23.811,00€; a achega desta Deputación ascende a contía 21.640,80 € e a do Concello de Navia de Suarna a 2.170,20€.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte desta Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 21.640,80€ do vixente Orzamento Xeral deste Organismo Provincial para a anualidade 2018.

Segundo.- *Proposta para aprobar o Convenio de cooperación entre esta Excma. Deputación Provincial, o Concello de O Valadouro e a Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, consistentes nas obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal”, situado no municipio de O Valadouro.*

Logo de ver o expediente administrativo relativo a este Convenio que ten por obxecto establecer as bases da relación de colaboración entre a Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz, esta Excma. Deputación Provincial e o Concello de O Valadouro, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de executar as obras de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais e outros animais domésticos e salvaxes en catividade de ámbito comarcal”, non constituíndo prestacións propias dos contratos, para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega da Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz
Obras de Ampliación e Mellora das Instalacións do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en cativeiro de ámbito comarcal xestionado pola Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz	84.888,46€	
TOTAL		84.999,46€

Logo de ver o escrito da Alcaldía de O Valadouro de data 27 de febreiro de 2018, no que solicita cooperación económica e técnica para a prestación das funcións de recollida e garda de animais abandonados no Concello de O Valadouro e do seu entorno. Tamén se incorpora copia da resolución da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia pola que se inscribe á Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía.

O Sr. Alcalde do Concello de Alfoz tamén achega escrito datado o 14/03/2018, interesando cooperación económica e técnica en relación coas funcións de acollida e garda de animais. Cooperación articulada a través deste Convenio, no que é parte a Asociación protectora e o Concello en cuxo territorio se acometerán as obras de ampliación.

A Asociación Protectora de Animais Valadouro-Alfoz financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e, concretamente, para a súa correcta execución: terá o deber de conservar o equipamento obxecto material da colaboración e adicalo aos fins causantes deste Convenio. Dita Asociación aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e demais actuacións que resulten necesarias para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas entidades, que é a dotación aos veciños do Valadouro e Alfoz e a súa comarca, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas:



Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Asociación Protectora de Animais O Valadouro Alfoz	Total
2018	84.999,46€	0,00	84.999,46€
Total	84.999,46€	0,00	84.999,46€

Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

O Concello de O Valadouro, ao igual que os Concellos que no futuro se integren no sistema de cooperación terán a responsabilidade imposta pola Lei 4/2017, do 3 de outubro (art. 6.1) e xestionarán a recollida dentro do marco normativo de aplicación.

Tendo en conta os informes dos Servizos de Contratación e Fomento e de Intervención, así como a proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Excma. Deputación Provincial, o Concello de O Valadouro e a Asociación Protectora de Animais Valadouro- Alfoz, consistentes na obra de “Ampliación e mellora do establecemento de garda de animais abandonados e outros animais domésticos e salvaxes en cativeiro de ámbito comarcal”, situado no municipio de O Valadouro, coa obriga de adicar o establecemento a estes fins durante un prazo mínimo de 15 anos con posta a disposición dos Concellos de O Valadouro, Alfoz e Lourenzá, estendéndoo aos Concellos de Ourense, Trabada e Ribadeo ou aqueles que o desexen no territorio da Mariña Luguesa, sempre que sexa posible dentro dos parámetros de benestar animal e de organización e financiación.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica por parte deste Organismo Provincial, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascende á contía máxima de 84.999,46 €. do vixente Orzamento Xeral desta Entidade para a anualidade 2018.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Logo de ver os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación, así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborado para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar estas aprobacións aos directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante as execucións das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN:

Obra: Nº 104/P.O.S. 2016 RIBAS DE SIL.- Rehabilitación de firme LU-P-5302 “De San Clodio a Casares”, P.K. 10+800 AO 15+810.

Contratista: OVISA Pavimentos y Obras, S.LU.

Obra: BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-6103 “De Trabada por Fórnea a Barreiros”, P.K. 11+940 ao 17+331.

Contratista: OVISA Pavimentos y Obras, S.LU.

Obra: Acondicionamento ala dereita planta baixo cuberta do Pazo Provincial.

Contratista: Covisam Norte, S.L.

Director Técnico: Unidade de Proxectos.

Obra: Obras de conservación Club Náutico de Belesar.

Contratista: Capaz de Contratas, S.LU.

Director Técnico: Unidade de Proxectos.



9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME EN RELACIÓN COA LEIRA Nº 61 DA OBRA “PROXECTO DE ACCESO AO PARQUE EMPRESARIAL DE BEGONTE-CARRAL”.

A Xunta de Goberno por unanimidade acorda deixar o presente asunto sobre a mesa.

10.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2016.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de decembro de 2016, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 201, do xoves 1 de setembro de 2016, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2016; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Entidade	Subvención
AA.VV. CADAVAL DE PACIOS	504,00

11.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURALS DA

PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANUALIDADE 2017.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de decembro de 2017, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 189, do venres 18 de agosto de 2017, para a concesión de subvencións destinadas á entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2016; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Entidade	Subvención
AA.VV. San Lázaro de Mondoñedo	1.055,00

12.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUNHA FUNCIONARIA PROVINCIAL.

Logo de ver que Dona M^a Luisa García-Bobadilla Prósper, Funcionaria Provincial, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada de data 27 de febreiro de 2018 (Rexistro Xeral de data 27-02-2018). Neste escrito a devandita funcionaria, afiliada ao Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación de alta, solicita a xubilación anticipada dende o día 1 de abril de 2018.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta o informe do Servizo de Recursos Humanos, así como a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, de data 24 de maio de 2017, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda.



Estimar a solicitude formulada por Dona M^a Luisa García-Bobadilla Prósper, consistente en acceder a súa xubilación anticipada dende o día 1 de abril de 2018, sendo o 31 de marzo de 2018 o derradeiro día que presta servizos nesta Entidade, dado que cumpre coas condicións e requisitos enumerados no artigo 208.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, polo que non se observan obstáculos para acceder á xubilación anticipada dende a citada data.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.